

Anda o tempo revolto.

Pingas de chuva feble.

Xa o tempo pasara devagar pola aldea de Martiño, coma esas chuvias brandas que mollan sen ruído. Martiño, agora de barbas longas e andar lento, seguía a escoitar o mundo coma se fose unha partitura escrita polo vento. Mais aquel día, a música chegaba en forma de pingas: pequenas notas que caían doces pero fondas, e traían unha voz nova.

A melodía corría entre as columnas do mosteiro, chea de adornos, de emoción. Martiño seguiu o son ata o claustro, onde atopou a Iago, un mozo de mirada intensa e mans lixeiras, que sopraba nun instrumento de madeira escura, elegante e expresivo, a frauta.

—Escoita isto, mestre —dixo mentres interpretaba—. Cada nota é coma unha pinga de chuva. A música do noso tempo é iso: facer sentir todo o que levamos dentro cunha soa nota ou con cen.

Iago explicoulle como naquel tempo a música buscaba o contraste, os adornos, e a frauta, coa súa voz doce e áxil, era perfecta para traducir o que as palabras non podían dicir.

Martiño pechou os ollos. Sentía que aquela música era a continuación natural da que sempre levara dentro. A liña melódica pura da súa xuventude, o posterior ritmo das danzas cortesáns, agora abrían paso a unha nova forma de beleza: a frauta soaba coma pingas e chuva feble, sobre o corazón de quen a soubese escoitar.



“Pingas de chuva feble”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)